

ACTA FINAL DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER TEMPORAL DE SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO)

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as dez horas do día 29 de xuño de 2020, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER TEMPORAL DE SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO).

Preside o acto D. Raúl González-Redondo Ares, Técnico de Deportes. A secretaria do tribunal é D.^a María Esther Otero González, responsable da Oficina de Información Xuvenil, asistindo como vogais D.^a Montserrat López González, Traballadora Social, D. Abel Vigo García (Arqueólogo Municipal) e D.^a Marta Candocia Acción, Arquitecta dos Servizos Técnicos Municipais.

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos admitidos segundo o baremo contido nas Bases da Convocatoria (Base Sétima.-Concurso), obtívose o resultado seguinte:

Apelidos e Nome	DNI	Titulación Académica	Cursos	Celga	Total
SECO GALLO, LIDIA	***5083**	2,50	0,02	1,00	3,52
GONZÁLEZ DÍAZ, DAVID	***2915**	1,50	0,62	1,00	3,12
LÓPEZ OVIEDO, MARTA	***8337**	1,50	0,47	1,00	2,97

O tribunal acordou baremar os Master como cursos de máis de 300 h. ao non estar incluído nas bases como titulación académica. Tamén acordou non valorar aquela formación necesaria para a habilitación como socorrista.

Realizado o sorteo público da letra, que dirimiría, en caso de empate por orde alfabético tal e como establece a base de convocatoria oitava, resulta que dito desempate, de ter que realizarse, sería a partir da letra "D". Non é necesario aplicar o desempate neste procedemento.

Á vista do resultado da baremación, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobados para cubrir dous empregos de carácter temporal de socorrista das Piscinas Municipais do Excmo. Concello de Mondoñedo a D.^a LIDIA SECO GALLO con DNI núm. ***5083** e a D. David González Díaz Con DNI núm. ***2915**.

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretaria, certifico.

